

O espello do esquecemento: A idea de América nas *Memorias* de Juan Bautista Tupac Amaru

Hernán Neira *

“A los 80 años de edad, y después de 40 de prisión por la causa de la independencia, me hallo transportado de los abismos de la servidumbre á la atmósfera de la libertad, y por un nuevo aliento que me inspira, animado á mostrarme á esta generacion, como una víctima del despotismo que ha sobrevivido á sus golpes, para asombro de la humanidad, y para poderle revelar el secreto de mi existencia como un esquisito y feroz artificio que se transmitian los tiranos para tener el placer de amargarla”¹. Así comeza Juan Bautista Tupac Amaru un escrito coñecido como as súas *Memorias*, texto ventrílocuo, se hai algún na historiografía americana. Ventrílocuo, porque constantemente fala con multiplicidade de voces. Cunha é o inca orgulloso e rebelde que reivindica o señorío da súa raza no Perú; coa outra, un indio dolorido e menesteroso que para falar de si asume a voz do liberal que o condena coa súa filosofía. É que a historia de Juan Bautista está marcada co signo do esquecemento. Esquecemento dun inca que, xa sen forzas, deixou de procurar ou xa non atopa as súas raíces tras corenta anos de exilio en España; esquecemento de bibliotecarios e conservadores que perderon o manuscrito e obrigan, hoxe, a se referir a versións impresas; esquecemento, en fin, dos historiadores, máis atentos a outros membros da súa familia, ignorando que, entre todos, é quizais Juan Bautista Tupac Amaru quen mellor pode mostrárnolo sucedido, non nos campos de batalla, senón na mente dos guerreiros e do pobo vencido. ¿Quen é, pois, este home que reclama cartas de nobreza indíxena e que nunca lle foron concedidas?, ¿cal a orixe do manuscrito?, ¿como e con que criterios se representa el mesmo a historia da Conquista e o lugar dos Tupac Amaru nela?, ¿trátase acaso dunha “visión de los vencidos”?

(*) Traducción do castelán de Xosé Luís Sánchez Ferraces.

1. Cf. Juan Bautista Tupamaru, *El dilatado cautiverio, bajo del gobierno español, de Juan Bautista Tupamaru, 5º nieto del último emperador del Perú*, Buenos Aires: Imprenta de los Espósitos, 1826, p.1. Salvo indicación contraria, tódalas referencias son extraídas de dita edición, da que indicaremos, entre paréntese, só a páxina. Foi publicado posteriormente en: Buenos Aires, Diario *La Nación*, 23-3-1930; Los Pequeños Grandes Libros de la Historia Americana, Lima 1941; Fondo de Cultura Popular, Lima 1964. De maneira xenérica, designámolo texto baixo o nome de *Memorias*. Bibliografía ó remate do presente texto.

¿Quen é Juan Bautista Tupac Amaru?

Juan Bautista Tupac Amaru é medio irmán de José Gabriel Tupac Amaru, líder indíxena que se levantara en Cuzco, en Novembro de 1870, contra o goberno español. A sublevación foi derrotada e José Gabriel preso, torturado e escuartexado en Maio de 1871 con varios membros da súa familia. Esténdese entón unha violenta represión que acada á maioría dos seus parentes e amigos. Pouco despois caía preso Juan Bautista Tupac Amaru, autor das *Memorias* que aquí estudiamos, e a súa casa saqueada, “todo por mis paisanos, amigos y beneficiados” (p.7). Segue un xuízo no que Juan Bautista, probablemente parra quedar libre de cargos, nega pertencer á familia Tupac Amaru e ter participado no levantamento. Entón afirma que seu pai e o do líder rebelde son dous homes distintos, pois a súa nai tería estado unida a outro indio previamente. Ese argumento de Juan Bautista xustifica os vínculos de amizade e a súa cercanía ós rebeldes, mais nega o lazo de sangue entre el e a célebre familia peruana². Rexeita-lo vínculo sanguíneo era esencial se se téñ en conta que a coroa española desexaba destruír a toda a familia Tupac Amaru, de xeito que ningún dos seus membros poidese arrogarse unha soberanía sobre o Perú en detrimento da hispánica.

Juan Bautista non purgaría a súa pena, polo menos inmediatamente. En Xaneiro de 1872, en virtude dun Pacto de Paz asinado entre os indios e as autoridades españolas, el e mais outros presos fican libres, aínda que a liberdade non fai doada a vida cotiá. Subsiste un clima de desconfianza, de tensión e de acoso, pois témesese que a influencia, xamais extinguida, dos Tupac Amaru, se traduza nun novo brote de rebeldía. As autoridades españolas recelan e investigan os seus movementos, ata o momento en que o Virrei Jáuregui rompe o Pacto de Paz e decide detelos³. A sorte dos indios estaba xa botada:

...los principales traidores y Reveldes de esta conspiración deben sufrir ahí (en Perú) la pena capital a que les condenan sus delitos, y que los demás que no la merezcan deben remitirse a España con la causa en segura custodia, para que no queden en ese Reyno restos ninguno de la infame y vil familia de los fingidos Túpac-Amaros (...) procurando se aprehendan todos los individuos que no se hayan podido coger de dicha familia y especialmente

2. Ver auto do 23-6-1781 contra Juan Bautista.

3. 5 de Maio de 1873, o Virrei informa nun oficio a Gálvez, ministro de Carlos III: "He vivido receloso y poco satisfecho de las ofertas que hicieron los rebeldes, cuando advirtieron el indulto general que les concedí, y siempre he creído que había de ser indispensable para afianzar la tranquilidad pública el extraer y sacar del Reino a los cabezas y principales caudillos de aquéllos (...) Suponiendo con sagacidad y sigilo que algunas personas condecoradas de quien ellos habían hecho al parecer mayor confianza les aconsejasen y persuadiesen a que lo solicitasen por sí, y que para ellos se me presentasen en esta ciudad (Lima), haciéndoles creer que por este medio podrían conseguir mayores ventajas. Esta diligencia no fue del todo inútil, pues por ella logré que el día 4 de Enero (de 1873) próximo se me presentasen personalmente Mariano Tupa Amaro, hijo mayor del rebelde José Gabriel (...) y otros cinco indios (...) Igual encargo tenía hecho (...) al Coronel Don Gabriel de Avilés (...) y a otras personas de confianza, por cuyos avisos he tenido individual noticia de cuanto han ejecutado en este tiempo Diego Túpac Amaro y sus sobrinos. Y aunque hasta ahora no habían dado unas pruebas positivas y claras de su reincidencia, todos convenían en que era sospechosa y poca segura su fidelidad" (o Virrei Jáuregui a José Gálves, Lima 5-5-1873). Pero incluso dentro da lexislación de Indias, a coroa atopa dificultades para constituír un delito que se lles poida imputar. Benito de la Mata, encargado polo Virrei do sumario, lamenta que os únicos motivos para arrestar a 133 sospeitosos sexan "una voz vaga o porque en la rebelión (de 1870) se distinguieron sin que se sepa hayan dado posteriormente causa nueva (...) pues aún en la formación de la causa principal de Diego (Tupac Amaru) y demás de su familia no puedo fijar pie en cosa sustancial" (Benito de la Mata ó Virrei Jáuregui, Cuzco, 20-5-1873).

a Juan (Bautista) hermano de Diego.
(O ministro Gálves a Jorge Escobedo, San Idefonso, 6-9-1873).

Juan Bautista é feito preso e parte, xunto cos familiares e amigos que non foron executados, a un desterro infindo. No traxecto perecen dezaoitos dos vintenove desgraciados. O' chegar a España, a familia Tupac Amaru áchase moi reducida; ben pronto ningún deles quedaría vivo, agás Juan Bautista, quen, tras algúns meses nos castelos de San Sebastián e de Santa Catarina, é confinado en Ceuta en 1788. Probablemente Juan Bautista tamén houbera morto en África, vello e só, esquecido do mundo, se a partir de 1813 o agustino Marcos Durán Martel, que acababa de participar na sublevación de Huánuco, de non ter sido desterrado tamén a Ceuta. A' penas soubo quen era o seu compañeiro de infortunio, Marcos Durán fíxolle compañía e botoulle unha man no cultivo dun horto do que extraían os medios para subsistiren. Así mesmo, o agustino realizou os trámites para facer efectiva a liberación de Juan Bautista cando as cortes indultaron a tódolos presos políticos americanos. En Setembro de 1822, tras corenta anos de presidio, con 84 anos de idade, Juan Bautista Tupamaru desembarca en Bos Aires.

Alí é recibido e aloxado por Juan Azopardo, que tamén fora compañeiro de presidio en Ceuta e heroe das primeiras campañas navais arxentinas. Apesarado e sabéndose feble, incapaz, polos anos, de traballar, só lle queda a Juan Bautista atopar os medios para sobrevivir. Entón, co probable patrocinio de Azopardo, eleva ó goberno bonaerense unha solicitude en virtude dun lonxano levantamento e mais dun apelido que algúns detractores quixeron, tamén na Arxentina, ben que infructuosamente, negarlle. O goberno, por medio do ministro Bernardino Rivadavia, escóitao e concédelle, en Outubro de 1822, unha axuda de 30 pesos mensuais a condición de que o inca escribise, do seu puño e letra, a historia dos seus padecementos, as súas *Memorias*.

¿Por que o interese gubernamental nun ancián indíxena? Non fora, Juan Bautista, nin xefe nin estratega e, ata onde se sabe, en 1781 as autoridades españolas nunca puideron lle probar ser máis ca un colaborador e cómplice do seu medio irmán José Gabriel, “acompañándole, ayudando a cargar la Artillería, y caminando con armas, reconociéndole de la familia” (sentencia do xuíz Areche, Cuzco, 14-7-1781). Mais corenta anos despois do xuízo en que negaría todo parentesco cos líderes indíxenas, nada máis pisar América, e probablemente antes, Juan Bautista reclama ser “el 5º nieto del último emperador del Perú”. Nas *Memorias*, retomando a tradición, declárase, como tódolos Tupac Amaru, herdeiro directo de Huayna Capac. Dado que ó desembarcar en Bos Aires tódolos demais membros da familia rebelde morreron executados ou no exilio, Juan Bautista confirmase lexítimo e único descendente dos emperadores peruanos. A tese favorécelle demasiado directamente na polémica contra quen o consideraban impostor, mais resulta coherente se se considera que, ó escribir, Juan Bautista xa non corre os riscos que corría en Cuzco⁴. A árbore xenealóxica de Juan Bautista sería logo a seguinte:

Huayna Capac
Felipe Túpac Amaru

4. Hoxe, en moitos libros de texto peruanos, sostense a posición de Juan Bautista. En efecto, “oficialmente”, Juan Bautista é medio irmán do máximo líder da independencia nacional, pois para aquela

Juana Pilco Huaco
Blas Túpac Amaru
Sebastián Túpac Amaru
Micaela Bástidas Miguel Túpac Amaru Ventura Monjarás
José Gabriel Juan Bautista⁵

Tal feito non podía pasar desapercibido a certos próceres arxentinos. Poucos anos antes, no Congreso de Tucumán de 1816, Belgrano e outros, ó que declaran a independencia, propoñen unha restauración incaica. Segundo Mitre, os participantes no Congreso de Tucumán

tenían un propósito común, y era trasladar la sede del Gobierno al interior del Perú y restablecer, si era posible, la antigua monarquía de los Incas⁶.

Por iso, cando Belgrano se presentou en Tucumán, observou que o Congreso era monarquista e que

podía contar en su seno con una gran mayoría, en favor de sus ideas políticas, especialmente entre los diputados de Alto Perú, afectos a su persona y partidarios de la Dinastía de los Incas (...) declaró que en su concepto la forma de gobierno más conveniente para estas provincias sería la de una monarquía temperada, llamando la Dinastía de los Incas, por la justicia que en sí envuelve la restitución de esta Casa, tan inocuamente despojada del trono⁷.

Daquela designouse a candidatura dos Túpac Amaru, pero Juan Bautista estaba en presidio e outras circunstancias políticas impediron que o proxecto prosperara, reducíndoo a proclamar “la sombra de una sombra”. Cando o indio volve é tan tarde para el coma para as súas pretensións dinásticas. Ancián e inexperto politicamente, permaneceu á marxe dos asuntos americanos, onde as tendencias monárquicas dalgúns patriotas foron superadas polas republicanas de San Martín e O’Higgins, que liberarían o Perú. Juan Bautista enBos Aires é un home diminuído nas súas forzas morais e físicas; carecendo de toda posibilidade de recupera-lo sitio que poucos anos antes lle ofreceran os patriotas, só lle queda agardar pola morte mentres redacta as súas *Memorias*.

Contido do texto

As *Memorias* constitúen un texto raro e,por desgracia, estudiado case exclusivamente baixo a óptica *patriótica* na que se procura máis a confirmación das crenzas

nación andina, os máximos heroes non son San Martín e O’Higgins, xenerais arxentino e chileno respectivamente que encabezarían o exército libertador, senón os Tupac Amaru. Perú non podería aceptar como seu un heroe nacional chileno.

5. Cf. Juan Bautista Tupac Amaru, *Cuarenta Años de Cautiverio*, Lima: Los Pequeños Grandes Libros de la Historia Americana, 1941, p.76.

6. Cf. Bartolomé Mitre, *Historia de Belgrano y de la Independencia Argentina*; citado por F.A.Loayza in Juan Bautista Tupac Amaru, *Cuarenta años de cautiverio*, op. cit., p.68.

7. Cf. Mitre, citado por Loayza, op. cit., p.68. Ver tamén *ibid.*, p.70.

fundadoras dunha república ou da tradición indixenista peruana có coñecemento histórico. É o complemento indispensable dos documentos sobre as sublevacións peruanas conservados no Arquivo de Indias. Aínda que non gozan da súa precisión, son exactos na medida en que amosan a visión de mundo e o proxecto indixenista ventrílocuo dun Tupac Amaru. Juan Bautista entrégano-lo relato dos seus sufrimentos mostrando o xeito como a historia afecta a un pobo a través da destrución moral e física dunha familia célebre, así como a amargura dun home que, desterrado, xamais ha volver ver nin os seus nin a súa patria. O seu aporte reside na súa capacidade de sintetizar, dar coherencia e ligar na unidade do pensamento e a vida dun home unha serie de feitos dispersos dos cales xeralmente só se estudian informes oficiais, pasando por alto a súa repercusión e a forma como un home, o suxeito de ditos documentos, os interpreta: ¿como afectou a represión a un membro calquera da familia Tupac Amaru?, ¿alterou ou traicionou o prolongado desterro o proxecto indixenista de Juan Bautista?, ¿determinou a revolta unha nova forma de interpreta-la historia americana?

Dende o punto dos feitos, as *Memorias* relatan a detención, o proceso ó que foi sometido Juan Bautista a partir da derrota do movemento encabezado polo seu medio irmán José Gabriel, insistindo nos lazos de parentesco entre ambos, así como o presidio que houbo de sufrir en Ceuta e o seu posterior regreso a Bos Aires. Os máis dos sucesos foron confirmados por documentos españois e, no tocante á discusión sobre a posibilidade de tratarse dun relato apócrifo, hoxe resulta escasamente probable. Na peor das hipóteses, quenquera que o escribise, tivo que ter formado parte da caravana de desgraciados que saíu en condicións miserables dende Lima, é dicir, aínda que non fora Juan Bautista, foi un Tupac Amaru, un parente cercano ou un insurxente moi próximo a estes.

Dirase, tal vez, que é un escrito de circunstancias no que Juan Bautista se xoga unha pensión, e que por mor dela se ve obrigado a escribir a gusto dos seus benefactores. Sen dúbida é así, mais de ningún modo se trata dun texto de complacencia, pois proporcionalmente hai poucas loas ó goberno bonaerense. O ton do escrito non é o do panexírico, senón o da queixa e a amargura. O estraño, con todo, é que as *Memorias* superan en moito o que se podería agardar dun escrito orixinado así, superación que non procede da súa calidade literaria, que non a téñen, senón do esforzo, tan insistente coma estéril, por dar a América unha identidade indíxena que Juan Bautista, o derradeiro dos Tupac Amaru, 5º neto do emperador inca, heroe da independencia peruana, xa non sabe como concebir. Pero logo, ¿baixo que marco conceptual e que coída Juan Bautista cando pensa América ou a súa historia?.

Fillo ilexítimo das Luces

Aínda que a avanzada idade poida xustificar grande parte do esquecemento (p.2), non abonda para explicar algúns párrafos das súas *Memorias*. Por ese motivo é indispensable plantexa-la hipótese de que a aprendizaxe da lingua española xogou, probablemente, un rol esencial na transformación de Juan Bautista. E' en Ceuta onde se atopa, por primeira vez, en medio do mundo hispánico, pois ata daquela a súa comunidade de vida fora esencialmente indíxena. Desterrado, mais con liberdade de movementos no recinto urbano, ha, para gaña-lo pan, tratar con

hispanoparlantes (p.25). Juan Bautista, ante as circunstancias, remata por familiarizarse con ese novo mundo que, sen embargo, sempre lle ha ser hostil:

Ignoraba el idioma español (...) y las costumbres de esta nación; para satisfacer mis necesidades me era preciso el comercio con los demás (...) Mas nunca sentí tanto la atmósfera que respiraba como cuando todos mis connatos para tomar una educación (...) excitaban el escarnio y la pifia solamente (p.25).

O idioma español permitirlle tratar cos patriotas americanos que chegarán ó mesmo sitio de destierro e, posteriormente, escribir ou dicta-las *Memorias*. Coa adquisición do novo idioma, Juan Bautista adquire as ideas das cales aquel é portador; alonxado da comunidade de orixe, probablemente debeu optar entre permanecer en silencio ou, sen se decatar, establecer unha comunidade lingüística e ideolóxica cos patriotas que habería de atopar⁸. Con todo, resulta admirable, ó le-las *Memorias*, a súa semellanza retórica con certos escritos do Século das Luces, onde a historia é vista como froito do progreso da razón, tal cal a ve Juan Bautista:

ciertamente todo me era afflictivo (durante el destierro), y entonces las afecciones de la realidad me conducían irresistiblemente á la desesperación, mientras que ahora (en Buenos Aires) los recuerdos (del cautiverio) son acompañados de positivos consuelos, y al fin de mi triste carrera veo infalible el reinado de la razón; (veo) que el espíritu humano marcha iluminado contra los tronos; que el genio amenaza al despotismo con la muerte, y que existe al Norte de nuestro hemisferio una nación que habiendo sido esclava como la mía rompió sus cadenas para realizar instituciones que aplaude el filósofo y que hacen la emulación del Sud por imitar su verdadera gloria (p.7).

Pouco despois continúa cunha frase que fai pensar moi particularmente na primeira Declaración de Dereitos do Home:

La naturaleza, me decía á mí mismo, nos impele ácia (sic) la libertad, y la experiencia de los siglos solo nos mostrará al hombre esclavo. ¡Sus derechos estando escritos en su corazón, en la historia solo estará su humillación (p.6).

En efecto, a argumentación tende a probar que, por moito que os indios se achen de facto escravizados, dende o punto de vista xurídico conservan tódolos dereitos que se desprenden da súa natureza, concebida como unha substancia inmutable.

8. Juan Bautista tamén aprendería a escribir. Nun dos autos incoados en contra súa, o actuario agrega que o inca "no firmó por no saber (firmar)" (23-6-1781). F.A.Loayza oponse a dita tese nos seguintes términos: "no es creíble el analfabetismo de Juan Bautista Túpac Amaru. Sin saber leer ni escribir, no habría podido desempeñar los cargos de responsabilidad y confianza al lado de su hermano José Gabriel Túpac Amaru". Cf. Juan Bautista Tupac Amaru, *Las Memorias de Tupac Amaru*, Lima: Fondo de Cultura Popular, 1964, p.71. Mais en realidade, non parece que os cargos ocupados por Juan Bautista foran de primeira importancia, pois do contrario houbéranos executado. Polo demais, para colaborar nunha revolución, daquela, non sempre se precisaba saber ler.

No fondo de dita argumentación subxace a tese da inalienabilidade dos dereitos do home, que forman parte da súa propia esencia, de tal xeito que ningunha situación de facto, nin sequera a conveniencia de quen se somete a ela, poderá xustificar-la escravitude⁹.

Juan Bautista considera a historia de América dende unha idea naturalista do home. A chegada dos españois aparece como o momento inicial da dexeneración e, a Independencia, como o intre a partir do cal a dexeneración se detén e se convirte en posibilidade de retorno a un estado de benestar orixinario. Agora, falar de retroceso ou avance supón ter caracterizadas as referencias de base para medilo movemento. A referencia de Juan Bautista é temporal, pero non é propiamente histórica, pois non concibe que a natureza humana evolucione por si mesma no tempo, senón unicamente a raíz dunha catástrofe estraña. Esta catástrofe, para os pobos indíxenas, sería a Conquista. Así, Juan Bautista comparte a visión de certos pensadores europeos, entre os que hai que incluír a Las Casas e a Rousseau, segundo a cal, se os indios manifestan caracteres de violencia ou de odio, débese ó “contagio” dos costumes españois, pois os naturais de América son “naturalmente humanos y dulces” (p.8) e haberían gozar sempre de tales cualidades de non ter contactado coa “civilización”.

A dozura define e fixa a substancia do indio, alén de circunstancias empíricas e de estados de hostilidade nos que poida verse involucrado. Por iso, a bondade natural indíxena é para Juan Bautista o principio de comprensión das palabras (“aquí no hay más cómplice que tú y yo; tú por opresor, y yo, por libertador, merecemos la muerte”, p.4) que o seu irmán José Gabriel dirixira ó xuíz que o condenaría:

el precio de esta contestación la sentirán las almas que saben odiar cuanto es debido á los déspotas; ella es una verdad conocida de los filósofos, porque saben bien que en un país despotizado sólo el déspota es criminal; que el hombre esclavizado se halla en un estado contra la naturaleza, y que el tirano ha hecho degenerar á esta en su daño (p.4).

Pero Juan Bautista pasa por alto, voluntaria ou involuntariamente, que os incas foron un pobo conquistador e que deben o seu renome ó sometemento das nacións veciñas, feito que os situaba lonxe da bondade natural. O inca descoñece o contido exacto das guerras indíxenas, non porque na súa familia non teña oído falar delas, senón porque esa tradición oral se ve, probablemente, contaminada pola visión eurocentrista da Conquista. Nel fala a concepción que a Europa das Luces tiña da historia precolombina, baseada en esquemas imaxinarios destinados a contrapor unha imaxe ideal da sociedade ós inconvenientes do Antigo Réxime.

E' lóxico, xa que logo, que o inca vexa no desterro non só un crime contra os pobos indíxenas, senón un “atentado contra la humanidad” (p.37), pois Juan Bautista comparte, polo menos en Bos Aires, a idea cara ós patriotas, de que existe unha soa especie humana. Nembargantes, o universalismo de Juan Bautista non lle impide esbozar unha concepción nacional que supera os marcos raciais. Contrapón así,

9. Cf. Rousseau, *Discurso sobre los fundamentos de la desigualdad entre los hombres* e *El contrato social*.

tanto á España da Conquista coma á España liberalizante de principios do XIX, unha certa idea de nación onde as fronteiras, quer continentais, quer limitadas a cada república, non están aínda suficientemente definidas. Sen embargo, Juan Bautista, canto máis acérrimo é no seu discurso anti-español e anti-europeo, máis se traiciona e máis utiliza a conceptualización eurocentrista para comprender as relacións entre o Vello Mundo e o Novo.

Á parte de fillo ilexítimo e ecléctico da ilustración, Juan Bautista era tamén cristián e probablemente partidario da monarquía antes que da república, feito comprensible tendo en conta que os Tupac Amaru se consideraban a única autoridade lexítima do Perú, e que dita esixencia se fundamenta nunha concepción hereditaria do poder. Entre os obxectos confiscados na súa primeira captura, en 1871, figuran dous pequenos lenzos. O primeiro representa unha virxe do Carme, testemuño da relixiosidade do inca, ben distinta da que tivo o seu pobo antano; o segundo, un escudo de El Rei de España, que, segundo F.A.Loayza, podería ter sido conservado por Juan Bautista como modelo para deseña-lo seu posteriormente na esperanza de que a rebelión triunfara¹⁰.

O inca acusa a España de ter privado á humanidade da “ciencia social” e “natural” indíxenas para substituíla polo despotismo e a escuridade (p.34). Sen dúbida é certo, tan certo que o propio Juan Bautista xa non pode expoñe-la ciencia social do seu pobo máis alá dun esquema supersimplificado. Todo o saber histórico-político sobre a vida social dos seus devanceiros límitase, polo menos nas *Memorias*, á estrutura que dividía o seu pobo en grupos de dez familias baixo a autoridade dun xefe que, reunido a outros dez, se sometía a xurisdición dun terceiro, e así ata chegar ó emperador (p.34-35). Igual sucede respecto da ciencia natural, para xustifica-la súa tese, Juan Bautista agrega unha nota na que di que “Bernardo Diaz (Bernal Díaz del Castillo ¿?) que acompañó á Cortés, Herrera, Solís refieren que en América había jardines donde se cultivaban plantas medicinales para la utilidad pública” (p.35) e que “el primer jardín de Europa fue el de Padua formado por un decreto de la república de Venecia el 30 de junio de 1545” (p.35). Practicamente a única, e vaga, referencia feita por Juan Bautista á historia americana provén entón de “Bernardo Diaz”, autor español, mentres que lle sobra precisión para falar do Vello Mundo:

El género humano respeta à Catón y se humilla bajo del yugo de Cesar. La posteridad honra la virtud de Bruto, pero no la permite sino en la historia antigua. Cortés y Pizarro someten una nación virtuosa, feliz y rica, asesinando à sus reyes, segando à sus naturales por horrores espantosos, y la Europa toda reconoce esta adquisición por legítima (p.6).

Juan Bautista esquece, e, sobre todo, esquece que esquece. O seu foi un pobo belicoso que se estendeu ó prezo dos horrores propios de todo imperio e de toda conquista. Por iso, o principal referente das guerras de independencia nas *Memorias* non son as guerras indíxenas, como o será para unha parte da historiografía oficial

10. Os lenzos son reproducidos en: Juan Bautista Tupac Amaru, *El Dilatado Cautiverio Bajo el Gobierno Español de Juan Bautista Tupac Amaru, 5º Nieto del Ultimo Emperador del Perú*, Lima, 1941, pp.97 a 99.

peruana que paradoxicamente se apoia nel, senón modelos estranxeiros, particularmente crioulos e europeos. Os exemplos admirados por Juan Bautista son Francia, Arxentina e os Estados Unidos (p.7), pasando por alto que en 1822, ó redacta-las *Memorias*, a expansión deste último país realizábase, como en case todo o continente, contra os indios. Este influxo europeo en Juan Bautista é confirmado ó recorda-la significación que para el tiveron, estando aínda prisioneiro, os grandes cambios políticos do Vello Mundo:

A este movemento de la natureza (la Revolución francesa y las guerras napoleónicas) debo una libertad, que jamas hubiera adquirido de otra manera (p.2).

no podía dejar hacer interiormente comparaciones del estado en que dejé el Cuzco y demas países con el que se me pintaba, y ciertamente sin el estremecimiento que ha producido en Europa la revolución de Francia y la centella de luz que ha arrojado por todas partes donde existia el combustible de la razón humana (p.29).

Parecería, a primeira vista, que Juan Bautista se desdi en cada unha das liñas que escribe, e que nada nelas desvela a realidade da historia e do modo como América foi pensada polos americanos. Non obstante, hai nas *Memorias* un potencial explicativo, que non provén tanto do que afirman, como do que ocultan, non do que se recorda, senón do que se esquece.

A paradóxica verdade das *Memorias*

Tal vez nunca estivo Juan Bautista tan preto da realidade como cando afirmou que os españois destruíron a ciencia inca, pois a mellor proba diso é que “el 5º nieto del último emperador del Perú” só pode demostrar un coñecemento superficial das tradicións do pobo ó que quere representar e do que reivindica as súas raíces. Desde ese punto de vista, quizais unha das garantías da autenticidade do escrito proveña da escasa información que Juan Bautista pode proporcionar da historia, das tradicións, da relixión, da sociedade e, en xeral, da forma de vida incaica. En cambio, se Juan Bautista poidera instruírnos ou darnos datos sobre o seu pobo máis alá do que fan outros documentos, sobre todo españois, as *Memorias* desmentirían o que con tanto empeño queren probar: a destrución sistemática da familia máis característica da súa nación. Sen embargo, a coherencia das *Memorias* queda a salvo, mesmo na súa desorde, ó calar voluntaria ou involuntariamente aquelas referencias que, nun texto testemuñal, o semiólogo e o historiador deberan esixir. ¡Estraña sorte a dun escrito que debe o seu triunfo ó fracaso do seu proxecto semántico, que é o de mostrar a un home “como una víctima del despotismo que ha sobrevivido á sus golpes”! (p.1). Non, Juan Bautista non logra o seu propósito en tanto cronista dunha dor exemplar, e isto non é debido á ausencia de datos por el aportados. Non, Juan Bautista non logra proba-la superioridade da organización comunitaria indíxena sobre a colonial (p.34). Non, Juan Bautista non sobreviviu ós golpes, como non sobreviviu o seu pobo. O que subsiste é só a carne e o sangue, mentres que o espírito quedou atrás, adormecido ou morto, non conservando del, Juan Bautista, máis ca un reflexo pálido, máis ca unha ilusión espellenta que por certo brilla, pero con cores que non son os que o inca cre aínda ver.

As *Memorias* interpretan as loitas independentistas dentro dunha historia que é a historia da razón e da natureza humana por se liberar da escuridade e mais do despotismo. Agora ben, a metafísica que interpreta a historia como a obra da razón, ou da natureza humana, é unha metafísica eurocentrista. A súa forma de periodización téñ como punto de partida epistemolóxico e temporal a Cristo, e no seu nome realízase a colonización que Juan Bautista denuncia, ou ben a superioridade da razón encarnada na técnica, fundamento moderno da marxinalidade indíxena nas repúblicas americanas. Nos dous casos trátase dun tempo lineal e mesiánico, onde a sucesión é vista como progreso. Este pensamento despoxa os incas do dereito que Juan Bautista reclama. Por este motivo, e malia certas tradicións nacionais e certas tradicións indixenistas, nada sería tan inxusto e tan europeizante como procurar nas *Memorias* o que algúns chamaron unha visión indixenista da colonización e, moitos menos, o que a historiografía chama “la visión de los vencidos”.

¿Que se entende por visión dos vencidos?

A historiografía tradicional creu que bastaba con incluír ou, pola contra, con cala-la destrución dos pobos indíxenas para tomar partido por un ou outro bando. O erro desta escola, na que, voluntaria ou involuntariamente, se sitúan moitos americanistas, consiste en pretender que a “visión de los vencidos” depende dos feitos narrados e do contido material que a historiografía constata, máis ca do fundamento epistemolóxico do discurso que os describe. En realidade, non é só nin principalmente o feito de narrar desgracias o que constitúe unha visión dos vencidos, senón a perspectiva a partir da que se describe ou pensa os males e os bens. Tanto a lenda negra coma a rosa quedan atrapadas no marco da epistemoloxía e da metafísica occidental, por moito que a primeira a rexeite verbalmente e a segunda a asuma sen remorsos. Bo exemplo deste modo de pensar é Juan Bautista e os comentarios que mereceu a súa vida e escritos. Juan Bautista, con tódolos males que consigna, confirmados hoxe por documentos que el mesmo ignoraba, non logra constituír unha visión propia dos vencidos. A súa epistemoloxía é a do vencedor, concretamente a dun humanista ecléctico posuídor dun discurso que probablemente houbera sido ben visto nas Cortes de Cádiz. O inca, a quen poderíamos incluír dentro dos autores adscritos á chamada lenda negra, permanece no marco do eurocentrismo, tanto como o poida facer Menéndez Pidal que sostén teses opostas sobre o rol de España en América. Juan Bautista declara a España responsable dos seus males en nome da universalidade dos dereitos humanos, que é un dos aspectos da universalidade da razón occidental. Esta universalidade é contradictoria con moitas prácticas de dereito consuetudinario nativo, que Juan Bautista pretende defender reclamando a soberanía inca no Perú.

En resposta á historiografía tradicional, o concepto de “visión de los vencidos” foi acuñado polo historiador Miguel León-Portilla, quen titulara así certas crónicas indíxenas que describen o desembarco de Cortés en México¹¹. Desgraciadamente, como os máis dos mellores americanistas, León-Portilla, editor das *Crónicas Indígenas*, pasa por alto, polo menos na Introducción á edición española, o

11. Miguel León-Portilla, (editor), *Crónicas Indígenas: Visión de los Vencidos*, Madrid, 1985. De aquí en diante, referímonos a el unicamente co nome de *Crónicas Indígenas*, agregando a páxina.

problema epistemolóxico e metodolóxico inaugurado polo seu propio traballo, que debe fundar e crítica-la recopilación de textos feita por el. Referíndose ó valor dos textos por el presentados, sostén unicamente que as fontes mexicanas constitúen “un cuadro indíjena de la Conquista: *una visión de los vencidos*”, concepto que Miguel León-Portilla non define (*Crónicas Indígenas*, p.33).

A perspectiva epistemolóxica dalgunhas de ditas crónicas é radicalmente distinta da de Juan Bautista. Cando narran a ocupación española, algúns textos mexicanos transmiten algo máis ca desazo e derrota. En efecto, a diferenza das *Memorias* do inca, varias das *Crónicas* presentan, amais da narración histórica, un modo de pensa-la Conquista que a incorpora á estrutura e sistema indíxenas de interpretación do mundo. Concretamente, certas narracións introducen a ocupación na temporalidade cíclica da mitoloxía mexicana, na que a chegada dos españois é vista máis como o retorno anunciado dos deus ca como un signo de novidade. A chegada de deus estranxeiros estaba prevista nas tradicións e, o carácter nefasto do ciclo temporal no que arriba Cortés, no calendario cósmico mexicano, confirmado polos presaxios aparecidos pouco tempo antes do desembarco. Estes presaxios son comparables ás profecías do Antigo Testamento, aínda que de signo negativo. As profecías bíblicas preceden o mesías para que sexa facilmente recoñecido, integrándoo, malia o seu carácter excepcional, á comunidade de crenzas onde nace. Os presaxios insertan as carabelas colombinas na historia azteca e inscríbennas na súa comunidade relixiosa e metafísica. A Conquista é vista así como o cumprimento dunha orde relixiosa preestablecida, orde hermenéutica que é exclusivamente mexicana. A historia providencial católica, fundamentalmente mesiánica e lineal, é fagocitada na mente indíxena por unha historia cósmica e cíclica: xiuhcóatl, a serpe de fogo, envolve a serpe da Xénese antes de morrer esganada polos aneis desta.

A idea de visión dos vencidos pode ligarse ás tradicións historicistas e fenomenolóxicas que buscan supera-la perspectiva unilateral de quen pretenden coñece-los feitos pasados con independencia do punto de vista e a situación da testemuña ou do científico. Nin o historicismo nin a fenomenoloxía negarían a unidade do obxecto de estudio. sen embargo, á verdade absoluta da historiografía clásica, o historicismo e a fenomenoloxía opoñen a multiplicidade de puntos de vista baixo os cales pode ser analizado. Unha e outra fan entra-la testemuña como unha condición epistemolóxica da verdade que corresponde a un feito. O punto de vista deixa logo de ser un accesorio do que o historiador debe desfacerse para coñece-los acontecementos pasados e convértese en parte da verdade. Como os puntos de vista son necesariamente múltiples e variables dunha época a outra, a verdade correspondente a un feito calquera, poñamos por caso a Conquista de América, é múltiple e distinta para cada un dos pobos involucrados, e cambiante amais co paso do tempo. Nin para o historicismo nin para a fenomenoloxía o historiador podería posuí-la totalidade dos puntos de vista mentres a humanidade siga existindo, pois é imposible preve-las formas de evolución e as perspectivas por ela xeradas. Por iso, só se pode obter unha visión de conxunto recorrendo á chamada “variación imaginaria”, que completa os puntos de vista futuros ou non accesibles no presente gracias á imaxinación rigorosa e metódica deles.

O perspectivismo representa un progreso enorme fronte ás visións providencialistas e fronte á estéril e inxenua oposición entre as lendas negra e rosa. Sen embargo,

para esta doutrina tódolos puntos de vista son a priori igualmente lexítimos e ningún exclúe por principio os demais. Plantexamento humanista por excelencia, supón a aceptación por tódalas partes involucradas dunha especie de *fair play* epistemolóxico e do sometemento de todos ó tribunal imparcial da razón. Esta, que por certo é a razón occidental, pronuncia, non sentencias, senón verdades que han ser entendidas como sínteses de probas materiais diversas. Illadamente, cada unha delas é falsa, mais en conxunto reconstituén os feitos tal cal se supón que foron. Por iso, tal forma de comprende-la historia non permite elabora-la hipótese dunha visión dos vencidos no sentido forte do concepto, é dicir, no sentido dun sistema hermenéutico indíxena que fagocite o sistema interpretativo occidental.

O concepto de visión dos vencidos posúe logo unha dobre vertente, que dá lugar a dous tipos de narracións: a primeira vertente consiste en textos, xeralmente de orixe indíxena, que describen feitos dentro do campo do que para a historiografía eurocentrista pode ser real. Trátase de documentos nativos que poden ser desmentidos ou confirmados pola ciencia occidental, pois, por mais que poñan en tea de xuízo algunha das probas aceptadas polas ciencias históricas, non discuten o conxunto do sistema argumentativo e probatorio destas, e, en particular, non discuten a metafísica e o sistema de valores morais sen os que ditaciencia xamais tería existido. Susceptibles de seren consideradas como testemuño das “víctimas”, son xa que logo probas documentais de singular importancia e o complemento necesario das visións eurocentristas. Proporciona, ademais, unha falsa confirmación de imparcialidade e de neutralidade pois, baixo a súa pretensión de universalidade e de non deixar a ninguén de lado, impón como norma científica e como norma de análise, o humanismo liberal. Bo exemplo deste tipo de narración son as *Memorias* de Juan Bautista Tupac Amaru, a substitución do concepto de Descubrimento polo de Encontro de Dous Mundos e algunhas, só algunhas, das *Crónicas Indígenas*.

A segunda vertente da visión dos vencidos dá lugar ó sentido propio e forte do concepto. Consiste, non nunha visión máis que complemento ou desminta as europeas, senón nun sistema epistemolóxico e axiolóxico total, é dicir, un sistema de coñecemento que, voluntaria ou involuntariamente, é incompatible con outros sistemas de coñecemento. Esta incompatibilidade pode ter dúas orixes; ou ben porque o sistema indíxena se presenta como un sistema totalizante e excluín-te, ou ben porque o europeo rexeita que outros sistemas de coñecemento e outros sistemas de valores sexan compatibles co seu. En sentido estricto, non é unha *visión*, pois non complementa, senón que pon en tea de xuízo os fundamentos e a metodoloxía de toda ciencia constituída sobre outras bases. Caben, baixo a visión dos vencidos, no sentido forte que acabamos de definir, algunhas das *Crónicas*, sobre todo os chamados presaxios funestos. En cambio, as *Memorias* de Juan Bautista e a idea de Encontro de Dous Mundos quedan fóra desta segunda e principal vertente do concepto.

Sangue e espírito da comprensión de América

Calquera que sexa a hipótese e a perspectiva que se adopte, urxe constituír unha ciencia que teña como obxecto o estudio sistemático dos fundamentos, estrutura, desenvolvemento, relacións e supostos involucrados tanto na visión dos vencidos

coma en todo sistema hermenéutico que teña como obxecto América. A necesidade desta ciencia fora prevista por León-Portilla quen, aínda que non a desenvolveu, suxire que:

además del asunto propiamente histórico de comparar los testimonios indígenas con los de los españoles, es posible contraponer las ideas propias de ese mundo indígena casi mágico, que tenía su raíz en los símbolos, con la mentalidad mucho más práctica y sagaz de quienes, superiores en la técnica, se interesaban principalmente por el oro (*Crónicas Indígenas*, p.36).

Unha ciencia coma esta, que noutro texto chamamos americoloxía, non pretende coñecer-los feitos, tarefa que deixa ós historiadores, senón a súa representación¹². A americoloxía, que é, non un xeito de representa-lo continente americano, senón un modo de representa-las súas representacións, pon de manifesto os supostos que estas agochan. Para a americoloxía non hai privilexio ningún das imaxes que se pretenden ficticias sobre as que se pretenden reais, pois estudia, xustamente, os criterios cos que as distintas culturas constitúen o campo de obxectos posibles chamado “realidade” ou “ficción americana”. Polo tanto, a ela non lle corresponde distingui-lo verdadeiro do falso, decisión igualmente científica e moral, e non opón feitos a outros feitos, senón imaxes e palabras a palabras e imaxes. O modo como os homes presentan a historia forma parte da historia; o que a algúns lles parece mitoloxía a outros parécelles ciencia, menos para quen se propón tratalos sistematicamente como discurso, como reconfiguración dos feitos, sen prexulgar cales sexan estes nin as súas características. A americoloxía sitúase, xa que logo, no campo da semántica e mais da epistemoloxía, disciplinas que a historiografía sobre América ignorou tradicionalmente. Condición da súa realización é trata-los distintos sistemas representativos en plano de perfecta igualdade, non só epistemolóxica, senón ética, sen supoñer a ningún deles superior, tarefa que esixe a posta entre paréntese dos valores morais de quen investiga. Por iso, a americoloxía estalle vedada a quen coide imposible despoxarse, como exercicio metódico, do seu sistema de valores, e a quen non estea disposto a practicar unha especie de moral provisional cartesiana durante o tempo da súa investigación.

Na tarefa de comprender América, máis importante có sangue que corre polas veas dun autor é o espírito que o anima. O sangue transmítese de familia en familia e de vagar. O espírito, en cambio, corre, pérdese e mestúrase rápido coma un vértigo, sen que, ás veces, nin sequera o suxeito das transformacións teña tempo de as comprender, sobre todo cando traspasa as fronteiras do seu propio continente para o incorporar ás estruturas mentais dos pobos que denuncia. Por iso, na determinación da perspectiva epistemolóxica asumida nas *Memorias*, resulta secundario que Juan Bautista as escribira do seu puño e letra. Quenquera que fora o autor material, é voceiro dunha visión do mundo e dun sistema de interpretación que foi considerado testemuño esencial na comprensión de América pola tradición peruana e indixenista. Nas *Memorias* fala o espírito dunpobo que se recoñece inxenuamente no espello que Juan Bautista lle ofrece. Procurando reflectirse nel,

12. Hernán Neira; “La idea de origen en el concepto de América” en *Araucaria de Chile*, 47-48, 1990, Madrid: Ed. Michay, 1990.

cae na trampa dun esquecemento que non se recoñece como tal. Nada sería, logo, tan inxusto como negar a Juan Bautista, retornado do desterro, a lexítima e verídica participación na comunidade cultural e nacional en que naceu. Mais, paradoxicamente, sería igualmente falso nega-lo vínculo que o une eclécticamente a unha cultura europea.

Juan Bautista é a refutación do sincretismo, concepto co que se quixo definir, en moitos casos, o resultado da Conquista. Sincretismo existe, certamente, nalgúns pobos que puideron ou souberon conserva-la súa memoria, mais non nos que só se atopa unha rasgadura e un desarraigamento totais. Tal é o caso de Juan Bautista e da tradición que o converte nun representante da cultura indíxena: ¿como podería haber sincretismo cando o espírito nativo desapareceu con el? A menos, claro, que se cuestione algúns contidos do concepto de indixenismo e se acepte que, quizais, o esquecemento, lonxe de ser unha característica accidental, contribúe a forma-la súa esencia. Iso equivale a acepta-lo carácter histórico da identidade indíxena, a cal evoluciona adquirindo novas fisonomías ata o punto de que, o que outrora lle foi propio, hoxe en día poida serlle alleo, e viceversa. Todo indica que para comprender a Juan Bautista hai que facer uso dunha representación evolutiva do indíxena. é dicir, debe aceptarse como posible a transmutación completa, non do sangue, senón do espírito dos pobos nativos.

Para Federico A. Loayza, Juan Bautista é “el símbolo del Sacrificio en la vida y Pasión de los Pueblos Andinos”¹³. E’ verdade; só que a pertenza a un pobo, á súa vida, á súa paixón e tradicións non se define pola raza, o coñecemento ou o ter vivido feitos verídicos xunto a outros homes, senón pola crenza nunha mesma mitoloxía e nos proxectos que ela propón, así como por reconfigura-los acontecementos dun mesmo modo. Nas culturas onde a raza, definida exclusivamente polos rasgos físicos, non é o elemento fundamental para determina-la pertenza ó grupo, é sobre todo a visión do mundo, a forma de representa-lo pasado, o presente e mailo futuro que integran socialmente ós homes. Se Juan Bautista merece a “devoción patriótica” con que o sacraliza Loayza¹⁴, non se debe a que sexa o portavoz dunha memoria fiel reflexo de eventos nacionais, senón porque a súa dor e maila súa amnesia identifícanse coa dor e mais coa amnesia colectivas, co modo como a historia foi configurada na intelixencia dos seus compatriotas que, em maior ou menor grao, son interpelados pola forma en que Juan Bautista reconfigura por escrito a súa sorte. Juan Bautista Tupac Amaru é fiel representante do seu pobo, non por falar dunha raza ou dunha nación, senón porque o seu propio pobo quixo e quere consideralo o seu paladín. Ambos comparten unha comunidade epistemolóxica e moral, unha comunidade de espírito e de proxectos. Ese mesmo espírito define, arbitraria pero coherentemente, os fenómenos que poden entrar na historia e na alma nacional, mesmo antes de que tales fenómenos cheguen a se producir. Así, na representación peruana da historia, a representación que Juan Bautista tén desta goza do rango, non de simple discurso, senón de espello e testemuña do pasado nacional.

Federico Loayza leva razón, a traxedia de Tupac Amaru é a dos pobos andinos, ou polo menos dos que antano foron os máis poderosos e organizados. Sería inxusto

13. Citado en Inca Juan Bautista Tupac Amaru, *Las Memorias de Tupac Amaru*, Lima: Fondo de Cultura Popular, 1964, p.21.

14: Cf. Inca Juan Bautista Tupac Amaru, *Las Memorias de Tupac Amaru*, op. cit., p.46.

xeneraliza-lo caso de Juan Bautista e aplicalo a decenas de comunidades que, protexidas pola selva ou polo feito de acharse en zonas de escaso interese para conquistadores e crioulos, puideron sobrevivir conservando a súa historia a través dun patrimonio intanxible: tradicións, formas de vida, lingua, esperanzas e, sobre todo, unha forma propia de ve-lo mundo. En canto a outros pobos, quizais a maioría, a traxedia é máis profunda do que Loayza cre e non consiste unicamente en dores e desterros, senón na dificultade inmensa de comprende-lo mundo e a destrucción da que foron vítimas. Tal vez alí resida a característica esencial do desarraigamento de certos pobos nativos. A desesperanza máis total é a que, en demasía, foi privada dos medios para se comprender, a de quen, ás portas da morte, non sabe por que, para que nin por quen morre. Juan Bautista, enfrontado ó sucedáneo da morte que foi o desterro, líbrase da desesperanza (oxalá teña sido así) adquirindo durante corenta anos unha nova forma de comprender e de se representa-lo mundo na que as súas dores teñan un sentido. A anti-memoria que callou no seu cerebro tal vez lle permitiu sobrevivir e obter unha precaria salvación individual, mais tamén dá lugar ó que a tradición, contraria á que nós propomos, que concibe o indíxena como non susceptible de evolución, está obrigada a considerar como a morte dun pobo ou dunha cultura.

Va sería a esperanza de quen quixer atopar nas *Memorias* un punto de vista diferente do crioulo ou do europeo. Aínda que paradoxicamente utilizadas para propoñer unha visión indixenista da historia peruana, unha visión dos vencidos e en particular do seu orgullo na derrota, as *Memorias* non poden ser consideradas máis que como o testemuño da defensa contra o do fiscal, pero sen chegar a cuestiona-la lexitimidade do xuízo mesmo co que Europa inserta a América no que para o Vello Mundo é a historia universal, é dicir a *súa* historia universal.

As *Memorias*, sen a claridade nin a precisión dos documentos oficiais, teñen o privilexio exclusivo de nos abri-lo universo mental de Juan Bautista. Confuso e amargado, escribindo ou dictando nunha lingua que non era a súa e que dominaba mal, conta os seus males no idioma que, máis que lle quitar, modifícalle a súa identidade. Porque a identidade do inca non se fixa nas loitas heroicas de 1780, nin no momento de se embarcar para o desterro, nin en Ceuta, nin tampouco no intre do regreso. O seu caso, que tanto confunde a filósofos, historiadores e políticos, é o dos pobos americanos cunha identidade que corre sempre máis rápido có discurso que intenta comprendela.

Con todo, as *Memorias* proporcionan quizais unha das poucas representacións da historia que teñan chegado ata hoxe de mans, non dun cronista ou sacerdote, senón de quen pertencera a unha familia ilustre e de quen tomara parte, aínda que de maneira secundaria, na loita e na derrota. ¿Son significativas do que existiu, non nos campos de batalla, senón na mente de seus irmáns ou inferiores participantes na rebelión? A nosa hipótese é afirmativa, ben que só un estudio de conxunto que tomase en conta documentos de uso privado, por exemplo a correspondencia de individuos comúns, podería esbozar unha resposta. Pero habería, ademais, que avalia-lo papel e intereses de cada grupo social. Tal vez entre os Tupac Amaru, familia prestixiosa e non exenta de recursos, e o resto do pobo, a representación do rol do indíxena no goberno e continente americano era profundamente distinta. Tal vez cun estudio así se poida entender unha certa distancia que separou o proxecto

dos Tupac Amaru de moitos dos seus irmáns de raza, que, ó par de crioulos e brancos, insultaban o cortexo do que formaba parte Juan Bautista camiño do exilio:

las gentes se agolparon á las calles y balcones por donde debíamos pasar, y tal es la degradación, y estupidez de la servidumbre, que todos mostraban celebridad por un triunfo que había estrechado más sus cadenas y prolongado su esclavitud (la de “todos”). Salimos más de 60 desgraciados (cuyo aspecto cadavérico...) lejos de mover la compasión, arrancaba por todas partes las palabras de *pícaros traidores*, que la paguen (p.12).

Outro feito ía ter lugar máis tarde, aínda que quizais máis grave por provir dun indíxena tamén desterrado en Ceuta:

me fue mucho mas insoportable la presencia de un indio que preguntandome, un dia que me encontro en la calle, que si era cuzqueño, à la contestación de ser yo Tupamaro, lleno de furia me dijo que como me tenian todavia con vida, que hacia mucho debian haberme muerto (p.27).

Así, máis alá dos eventos, tal vez o estudo das *Memorias* e, en xeral, das formas de representación, permita comprender por que medios o colonizador transformou ou transforma, en América, o seu dominio en obediencia, poñendo de relevo o papel nefasto dos grillóns do espírito que, por seren invisibles, son máis difíciles de partir cós de ferro.

Apéndice: notas sobre o manuscrito das *Memorias*

Esquecemento do esquecemento, tal é a divisa de Juan Bautista e de canto lle incumbe. Todo parece indicar que o manuscrito das *Memorias* existe. ¿Onde? Non na Biblioteca Nacional do Perú, como sería de agardar, pois “el documento original se encuentra en la Biblioteca Nacional argentina en Buenos Aires”, documento do que “lamentablemente nuestra institución no tiene copia” (Irma García, da Biblioteca Nacional do Perú a este autor, 10-5-89). Consultado epistolamente Bos Aires, tardaría meses en responder que “absolutamente todos los manuscritos que poseía esta Biblioteca pasaron hace más de veinte años al Archivo General de la Nación”, e que “lo único que tenemos es un folleto impreso en la Imprenta de los Espósitos, 1822, titulado *El Dilatado Cautiverio bajo el gobierno español, de Juan Bautista Tupamaro, 5º nieto del último emperador del Perú*, 38 ps, Buenos Ayres” (Julio Oscar Zolezzi, da Biblioteca Nacional argentina, a este autor, 20-12-90). A intervención persoal dalgúns colaboradores non permitiu atopar-lo manuscrito, pois os conservadores do Arquivo Xeral ignoran onde e baixo que rúbrica procuralo.

A falta do orixinal, era indispensable traballar coa edición máis próxima ó manuscrito, razón pola que elixímo-la da Imprenta dos Espósitos, que foi microfilmada. No tocante ás posteriores, todas parecen copiala, actualizando unicamente a puntuación, do mesmo xeito que a edición peruana de 1964 copia, palabra por palabra, aquela que apareceu en Lima en 1941, con notas de Francisco A. Loayza.

O lector atopará as referencias exactas na bibliografía. As *Memorias* viron a luz de segundas nas páxinas do diario a *Nación*, no suplemento dominical do 23 de marzo de 1930. Desgraciadamente, dito suplemento desapareceu (sic) da Biblioteca Nacional en Bos Aires. ¿Existiu algunha vez o manuscrito? O único que nos é posible afirmar é que existiu polo menos *un* manuscrito das *Memorias*, que debe acharse en medio dalgún andel aciago, na biblioteca bonaerense que conserve o xustificante a cambio do cal Bernardino Rivadavia decretou a pensión a prol de Juan Bautista. Quizais alí, un día, alguén o atope por un azar.

Finalmente, o autor expresa o seu agradecemento á Comisión Nacional Quinto Centenario, España, pola axuda recibida para esta investigación, que contou co auspicio do Grupo de Socioloxía da Literatura, de l'Ecole des Hautes Etudes en Sciences Sociales, Paris, así como a Marina Gergich e Dorothea Heidecker quen, dende Bos Aires e Franckfurt respectivamente, fixeron posible a obtención de documentos sen os que este traballo nunca concluiría.

Hernán Neira

Escola Superior de Altos Estudios. París

Bibliografía mínima:

Inca Juan Bautista Tupac Amaru, *Las Memorias de Tupac Amaru*, Lima: Fondo de Cultura Popular, 1964.

Juan Bautista Tupamaru, *El dilatado cautiverio, bajo del gobierno español, de Juan Bautista Tupamaru, 5º nieto del último emperador del Perú*, Buenos Aires: Imprenta de los Espósitos, probablemente 1826.

Juan Bautista Tupac Amaru, *Cuarenta Años de Cautiverio*, Lima: Los Pequeños Grandes Libros de la Historia Americana, Serie I, tomo 1, 1941.

Miguel León-Portilla (editor), *Crónicas Indígenas, Visión de los Vencidos*, Madrid: Historia 16, 1985.

Hernán Neira, "La idea de Origen en el Concepto de América", en *Araucaria de Chile*, 47-48, Madrid, 1990.